

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN
MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA CINCO DE OUTUBRO DE
DOUS MIL DEZASETE: -----**

PRESIDENTE ACCTAL:

D. Gonzalo Gonzalo Pita

CONCELLEIROS/AŚ:

D. Juan Antonio Deza Otero
D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Rafael Domínguez Piñeiro
D^a María Deza Martínez
D. Marcos Guisasola Padín
D^a Silvia Freire Fernández
D. Alfonso Rea Pérez
D. José Daniel Fernández Piñeiro
D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agrasaso
D. Maximino González Miniño
D^a M^a del Coral González-Haba Pérez
D. Roberto Carlos Agís Balboa
D^a Vanessa Rodríguez Búa

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as nove horas do día cinco de outubro de dous mil dezasete, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde acctal., D. GONZALO GONZALO PITA**, reuníronse os/as Sres/as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declarase aberta a sesión.

NON ASISTE:

D. Telmo Martín González

INTERVENTOR:

D. José Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO ACCTAL:

D. Luis Angel Sabariz Rolán.

1º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECIMENTOS PÚBLICOS INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVIZOS OU SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio** do **02 de outubro de 2017** sobre esta proposta.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, anunciou o seu voto favorable pois as tarifas suben o IPC.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, tamén anunciou o voto favorable pois a suba do IPC está baseada na ordenanza que aprobou o anterior equipo de goberno, onde tamén se reflicten bonificacións das cotas e penalizacións por excesos de consumo.

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, manifestou que efectivamente súbese o IPC, lembrando que a modificación da ordenanza da que fala o Sr. Otero Domínguez tamén foi aprobada daquela co voto da oposición.

Ao non se producir máis intervencións, o **Sr. Presidente acctal**. someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: Aprobar a modificación das tarifas seguintes:

Primeiro. Tarifa.

Abonados domésticos

Mínimo (30m ³ /abon. trim.)	0,4326 euros/m ³
1º Bloque (máis de 30 a 60 m ³ /abon. trim.)	0,4856 euros/m ³
2º Bloque (máis de 60 a 120 m ³ /abon. trim.)	0,4861 euros/m ³
3º Bloque (máis de 120 m ³ /abon. trim.)	0,4875 euros/m ³

Abonados domésticos con 5 o más persoas empadroadas

Mínimo (30m ³ /abon. trim.)	0,4326 euros/m ³
1º Bloque (máis de 30 a 60 m ³ /abon. trim.)	0,4326 euros/m ³
2º Bloque (máis de 60 a 120 m ³ /abon. trim.)	0,4856 euros/m ³
3º Bloque (máis de 120 m ³ /abon. trim.)	0,4861 euros/m ³

Abonados comerciais

Mínimo (30m ³ /abon. trim.)	0,4326 euros/m ³
1º Bloque (máis de 30 a 60 m ³ /abon. trim.)	0,4856 euros/m ³
2º Bloque (máis de 60 a 120 m ³ /abon. trim.)	0,4861 euros/m ³
3º Bloque (máis de 120 m ³ /abon. trim.)	0,4875 euros/m ³

Abonados industriais

Mínimo (75m ³ /abon. trim.)	0,4856 euros/m ³
Excesos	0,6176 euros/m ³

Obras

Mínimo (120m ³ /abon. trim.).....	0,6176 euros/m ³
Excesos	0,7907 euros/m ³

ALTAS DE CONTRATO

En concepto de dereitos, ó facer o seu pagamento no momento da sinatura do contrato, establecécese o prezo de 103,88 euros.

FIANZAS

Nos contratos de subministros para obras e baixos ou industrias de tempada é preciso depositar polo interesado unha fianza de 168,35 euros. A mesma será devolta cando se tramite a baixa e sexan aboados os recibos pendentes.

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.18.

2º PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio** do **02 de outubro de 2017** sobre esta proposta.

Ao non se producir intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: Aprobar a modificación das tarifas seguintes:

Primeiro. Tarifa

1. Vivendas de carácter unifamiliar	15,257 euros/ano
2. Os hoteis, hostais, fondas e demais establecementos de hospedaxe, por cada habitación	3,832 euros/ano
3. Os cocedoiros de moluscos, depuradoras, fábricas de conservas e outras industrias que teñan grandes verteduras de augas residuais a rede de sumidoiros	1.270,866 euros/ano
4. Os colexios privados por cada alumno matriculado.....	0,215 euros/ano
5. Por cada local de negocio, industria ou comercio non incluído noutras apartados	18,331 euros/ano
6. Negocios relacionados coa hostalería non incluídos no	

segundo apartado.....50,856 euros/ano

NOTA: Os hoteis que teñan restaurante ou cafetería aberta ó público en xeral, deberán cotizar polos apartados 2 e 6.

7. Lavado e engraxamento de vehículos, estacións de servizo
e talleres mecánicos.....122,049 euros/ano

POR DEREITOS DE CONEXIÓN Á REDE XERAL DE SUMIDOIROS

Por dereitos de conexión á rede xeral de sumidoiros farase un pagamento por cada vivenda ou local dos mencionados nas tarifas

Cota única de 103,88 euros.

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrará en vigor o 01.01.18.--

3º PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio** do **02 de outubro de 2017** sobre esta proposta.

Ao non se producir intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: Aprobar a modificación das tarifas seguintes:

Primeiro. Tarifa.

a) Abonados con contador e servizo de abastecemento de auga:

Cota fixa mensual

Uso doméstico 2,972 euros/m³

Uso comercial 2,972 euros/m³

Uso industrial, hostalería e outros..... 5,098 euros/m³

Por consumo

Uso doméstico 0,190 euros/m³

Uso comercial 0,190 euros/m³

Uso industrial, hostalería e outros..... 0,190 euros/m³

b) Abonados sen contador e sen servizo de abastecemento de auga:

Uso doméstico 16,179 euros/m³

Uso comercial 16,179 euros/m³

Uso industrial, hostalería e outros..... 46,288 euros/m³

c) Abonados con subministro non procedente da rede municipal de abastecemento de auga:

Aqueles abonados/industriais que para o seu proceso de produción utilicen medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conciuntamente coa auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal moi superior ao consumido da rede municipal, instalarán, ao seu cargo, aparatos para a medida do caudal vertido á rede. De mutuo acordo entre a empresa e o concesionario do servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido, a efectos de facturación.

Facturarase de acordo coa seguinte tarifa:

Cota fixa mensual..... 5,098 euros/mes
Cada m³ vertido (medido ou aforado) 0,190 euros/m³

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrará en vigor o 01.01.18.--

4º PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE MATADOIROS, LONXAS E MERCADOS, ASÍ COMO A CARREXA DE CARNES, SE HOUBERA DE EMPRARSE DUN XEITO OBRIGATORIO E SERVIZOS DE INSPECCIÓN EN MATERIA DE ABASTOS, INCLUÍDA A UTILIZACIÓN DE MEDIOS DE PESAR E MEDIR. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio** do **02 de outubro de 2017** sobre esta proposta.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, anunciou que o seu grupo ía votar a favor facilitando una serie de datos sobre estudos de recollida de residuos das prazas de abastos e o custo de levalos a “Sogama” encargado polo goberno anterior.

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, tamén anunciou o voto favorable do grupo popular, manifestando que non vieron nada do estudo do que fala o Sr. Otero Domínguez.

O Sr. Otero Domínguez dixo que o expediente está no servizo de contratación e que alí o poden atopar.

Ao non se producir máis intervencións, o Sr. Presidente someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: Engadir o apartado b) no artigo 2 “Feito imponible”:

- b) Asemade constitúe tamén o feito imponible a recollida selectiva de materia orgánica co obxecto de incrementar o seu reciclado e aproveitamento.

Dita materia será de dous tipos:

- Desfeitos biodegradables (restos de carne e ósos, pescado, cáscaras de ovos e de froitos secos, alimentos en mal estado ou caducados sen os seus envases, etcétera).
- Desfeitos vexetais (restos de xardinería, ramos de flores muchas, malas herbas, ramas de poda, papel de cociña sucio, etcétera).

SEGUNDO: Engadir no anexo das tarifas o seguinte apartado:

SEGUNDO. TARIFA DA RECOLLIDA SELECTIVA DE BIORRESIDUOS

Recollida selectiva de materia orgánica	
por cada posto no mercado	9,00 euros/mes

TERCEIRO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

CUARTO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

QUINTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrará en vigor o 01.01.18.-----

5º PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR USO DA PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS ANEXAS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio** do **02 de outubro de 2017** sobre esta proposta.

A Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita, manifestou que independentemente do tema das taxas, as instalacións da piscina teñen moitas deficiencias.

O Sr. Agís Balboa, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, anunciou que ía votar a favor, manifestando que é importante recadar ingresos pero que áinda que houbo melloras nas instalacións é necesario continuar coas mesmas. Expuxo que hai cuestións problemáticas de persoal e que ningúen fai nada por solucionalas (nin o goberno que está, nin o que estaba nin o que estivo) e rematou dicindo que hai que mellorar a xestión.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, manifestou que hai que mellorar a eficacia, pretendéndose fidelizar a figura do socio fronte aos bonos pero está por ver se produce efecto. Tamén fixo referencia a que a intervención xeral solicitou por escrito no rexistro que se realizase unha auditoría tanto deste servizo da piscina como de outros, preguntando se dita auditoría está realizada porque non aparece no expediente.

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, explicou que estabamos nun asunto dunha suba de taxas e non de análise das deficiencias. Dixo que se está a facer un estudo para detectar ditas deficiencias. Preguntouse que fixo o anterior goberno en materia de deficiencias técnicas da piscina e do persoal das instalacións, manifestou que se está, polo momento, “metendo man” a algunas deficiencias. Tamén dixo que hai que tratar de equilibrar economicamente os ingresos e os gastos, tratando tamén de minimizar estes últimos. Seguiu coa súa exposición dicindo que non tivo tempo dende o 1 de xuño para facer máis e que o interventor xa había solicitado datos da auditoría varias veces en época do goberno anterior. Rematou dicindo que preguntou a técnicos sobre a incidencia económica dos bonos/socios e que áinda que vai seguir o déficit hai que seguir a traballar para mellorar os resultados.

A Sra. Rodríguez Búa, insistiu en que as deficiencias non era só de persoal senón que tamén as hai nas instalacións. En canto ás primeiras, manifestou que contaba ter catro anos para solucionalas (non só esas, senón ás do resto do persoal). Rematou dicindo que imos ver o que fai vostede como concelleiro de persoal neste tema.

O Sr. Otero Domínguez lembrou investimentos realizados na piscina en materia de enerxía e outros aspectos, incidindo en que a xestión é mellorable con varias cuestións a corrixir, aclarando que a auditoría debe detectar déficits. Seguiu dicindo que eles non tiveron tempo para actuar máis dabondo no goberno. Rematou dicindo que non veñen a falar de que a piscina é “un buraco sen fondos”, xa que agora o importante é mellorar a xestión sen sinalar a ninguén.

O Sr. Guisasola Padín falou que fixo referencias a inspección da maquinaria non a que mudara a maquinaria e as instalacións.

Rematado o debate o **Sr. Presidente acctal.** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Sr. Agís Balboa, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0

Abstencions: 5 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sra. González-Haba Pérez concelleira do Grupo Municipal Mixto, e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos membros presentes, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Modificar as tarifas do seguinte xeito:

Apartado 1. Tarifa da Piscina Municipal

Cota alta	10,00
Cota de mantemento	8,00
Socio	32,00
Socio con desconto	23,00
Socio familiar.....	42,00
Socio monoparental	38,50
Entrada LIBRE adulto	4,00
Entrada LIBRE adulto c/DTO	2,50
BONO 10 adulto	27,00
BONO 10 adulto c/DTO	16,00
BONO 15 adulto	33,00
BONO 15 adulto c/DTO	20,00
Sauna (abon. + ENTR. LIBRE).....	1,00
Sauna c/ DTO	2,50
Sauna.....	3,00
Cursos adulto socio (2 dias/SEM)	14,00
Cursos adulto NON socio (2 dias/SEM.).....	28,00
Cursos adulto socio (3 dias/SEM)	16,00
Cursos adulto NON socio (3 dias/SEM.).....	32,00
Cursos infantil (1 dia/SEM.) Socio.....	8,50
Cursos infantil (1 dia/SEM.) NON socio	16,50
Cursos infantil (2 dia/SEM.) Socio.....	10,50
Cursos infantil (2 dia/SEM.) NON socio.....	20,50
Cursos infantil (3 dia/SEM.) Socio.....	15,50
Cursos infantil (3 dia/SEM.) NON socio.....	31,00
Cursos bebés (1 dia/SEM) socio.....	12,00
Cursos bebés (1 dias/SEM) NON socio.....	24,00
Cursos bebés (2 dia/SEM) socio.....	15,00
Cursos bebés (2 dias/SEM) NON socio.....	30,00
Cursos bebés (3 dia/SEM) socio.....	17,50
Cursos bebés (3 dias/SEM) NON socio.....	34,50
Cursos act. FISI. terapéutica (1 dia) socio	13,00
Cursos act. FISI. terapéutica (1 dia) NON socio	26,00
Cursos act. FISI. terapéutica (2 dia) socio	16,00
Cursos act. FISI. terapéutica (2 dia) NON socio	32,00
Cursos act. FISI. terapéutica (3 dia) socio	18,00
Cursos act. FISI. terapéutica (3 dia) NON socio	36,00
Aerobic, pilates, ioga (1 dia/SEM) socio.....	9,00
Aerobic, pilates, ioga (1 dia/SEM) NON socio	18,00
Aerobic, pilates, ioga (2 dia/SEM) socio	12,50
Aerobic, pilates, ioga (2 dia/SEM) NON socio	25,00
Aerobic, pilates, ioga (3 dia/SEM) socio	16,00
Aerobic, pilates, ioga (3 dia/SEM) NON socio	31,00
Aerobic, pilates, ioga (4 dia/SEM) socio.....	17,00
Aerobic, pilates, ioga (4 dia/SEM) NON socio	34,00

Aquagym (1 dia/SEM) socio	9,00
Aquagym (1 dia/SEM) NON socio.....	18,00
Aquagym (2 dia/SEM) socio	12,50
Aquagym (2 dia/SEM) NON socio.....	25,00
Aquagym (3 dia/SEM) socio	15,50
Aquagym (3 dia/SEM) NON socio.....	31,00
Aquagame	11,50
Combinado 3 (act. dirixidas) 3 dias/SEM.....	31,00
Combinado 4 (act. dirixidas) 4 dias/SEM.....	34,50
Actividade física acuática (3ª idade) 1dia/SEM	8,50
Act. Física acuática verán (3ª idade) 1dia/SEM	9,50
Act. Física acuática verán (3ª idade) 2dia/SEM	18,50
Mulleres rurais (1 dia/SEM)	11,50
Anpas - extraescolares	11,50
Clase dirixida solta (POR SESIÓN)	4,50
Clubs aluguer instalación (1 rúa) NENO/MES	6,00

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrará en vigor o 01.01.18.--

6º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO CENTRO DE DÍA. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio** do **02 de outubro de 2017** sobre esta proposta.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, anunciou a abstención porque non ten claro que sexa positivo elevar una taxa que pode afectar moito ao peto dunha poboación sensible como a dos pensionistas e colectivos de maiores, xa que puidera haber solucións alternativas.

A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, detallou aspectos económicos de taxas dos usuarios, déficit municipal, subvencións da Xunta, etc, dicindo que os datos mudan dun mes a outro en función do número de usuarios, falou de tramos de tarifa, e dos criterios fixados no seu día no plan de axuste. Manifestou que a memoria do expediente é inconcreta en canto a que hai usuarios non dependentes, aspectos importantes das libranzas da Xunta, etc. Indicou que agora se está a apreciar o problema de que o Centro de día non estea incluído nos que xestioná o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar. Rematou dicindo que os veciños de Sanxenxo teñen que soportar gastos dobres, pois hai que asumir o centro de día de Sanxenxo e contribuír mediante os seus impostos para que se manteñan os centros de día dependentes do consorcio como o recente de Cambados.

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, manifestou que estamos ante un tema delicado pois a suba é pequena e non é a “panacea” para corrixir o déficit. Rematou dicindo que é doador falar doutras alternativas pero que o goberno anterior non fixo nada para xestionalas.

A Sra. Fernandez Agraso manifestou que non é certo que eles non fixeran nada. Lembrou que xa en 2008 o seu grupo pedira que o centro de día se integrase no Consorcio Galego de Igualdade e Benestar e que o PP daquela opúxose con aquela frase de “Sanxenxo é un concello rico” que pode custear este servizo sen depender de Santiago, engadindo que foi unha gran ocasión xa que máis de 170 centros de día se integraron, aínda que este concello non o fixo por seren a etapa do goberno bipartito na Xunta. Falou tamén da etapa posterior no que o presidente da Xunta visitara o centro e dixo que Sanxenxo merecía ser tido en conta pola administración autonómica, esquecéndose diso e que en outubro de 2012 solicitouse outra vez a integración. Rematou dicindo que cando formou parte do equipo de goberno, na Xunta de Galicia non foron recibidos nin ela nin o anterior alcalde durante os dous anos, culpando ao PP de que teñamos pouca financiación para o centro de día, lembrando tamén como se queixa agora o PP de que non sexa recibido o alcalde na Deputación.

O Sr. Guisasola Padín respondeulle á Sra. Fernández Agraso que non lle fale do que pasou en 2008 pois aínda recoñecendo errores lembrou que en dous anos tampouco se adheriron ao consorcio nin fixeron nada a non ser que os escritos das xestións “estiveran en contratación”. Manifestou que nunca dixerá que o transporte dos usuarios o pagara a Xunta e rematou dicindo que con subvencións ou con convenios hai que mellorar o financiamento do centro de día pois a suba de agora non é ningunha “panacea” e hai que seguir a traballar.

Rematado o debate o Sr. Presidente acctal. someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos en contra: 4 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sra. González-Haba Pérez concelleira do Grupo Municipal Mixto).

Abstencións: 2 (Sr. Agís Balboa, concelleiro do Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos membros presentes, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Modificar o artigo 7º que queda redactado como segue:

Artigo 7º. Tarifas

- 495,00 euros/praza/mes por estancia, sen incluír o tipo de I.V.E. que corresponda.
- 72,72 euros/praza/mes por transporte, sen incluír o tipo de I.V.E. que corresponda.

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrará en vigor o 01.01.18.--

E non habendo máis asuntos de que tratar, a presidencia acctal. levanta a sesión sendo as nove horas e corenta e cinco minutos, de todo o que, secretario acctal, **DOU FE:**